



17.- A guerra civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional

Ante as eleccións de febreiro de 1936, formouse unha coalición de esquerdas, a Fronte Popular, resultado dun acordo electoral, pero non de goberno, entre os partidos republicanos de esquerda, os socialistas e os comunistas, cun programa moderado baseado nunha amnistía xeral para os encarcerados polos sucesos de outubro de 1934 e a recuperación da política reformista do primeiro bienio. Fronte a esta coalición electoral, as dereitas e o centro presentáronse desunidos: a CEDA fracasou no seu intento dunha coalición de dereitas a escala nacional e só logrou establecer pactos concretos e tamén fracasou a extrema dereita no intento de recompoñer o Bloque Nacional.

As eleccións foron gañadas pola Fronte Popular e, primeiro Azaña e logo Santiago Casares Quiroga, foron elixidos para dirixir o goberno. Este último dispersou aos xenerais máis contrarios á República (Franco, Mola...), por ser sospeitosos de tramar un golpe de estado. Non obstante, a derrota electoral da dereita, a volta ás reformas do primeiro periodo republicano e o auxe das posicións revolucionarias provocou en diferentes sectores conservadores o medo á revolución social e estimulou os proxectos golpistas ideados por estes militares (fundamentalmente por Mola). O estoupido da sublevación acelerouse despois do asesinato do militante de esquerdas José Castillo e, ao día seguinte como represalia, do deputado de dereitas Calvo Sotelo.

O 17 de xullo de 1936, as tropas situadas no Protectorado de Marrocos levantáronse en contra da República dirixidas por Franco (que se trasladou alí desde Canarias) e, o día 18 fixérono na Península. Entre os días 18 e 20 de xullo o alzamento militar estendeuse ao resto do territorio español con resultados moi diversos. Triunfou en parte de Andalucía, onde o xeneral Queipo de Llano se fixo co poder en Sevilla. O xeneral Mola ocupou Navarra. En Zaragoza, o xeneral Cabanellas logrou dominar a maior parte de Aragón. A rebelión militar tamén se fixo co poder en Castela e León, A Rioxa, Galicia, Canarias, Mallorca e parte de Extremadura.

Nas grandes cidades, como Madrid, Barcelona e Valencia e nas zonas industriais e obreiras de Asturias, País Vasco e Cataluña abortouse a sublevación militar. Nestes lugares, unha parte do exército e das forzas de orde público, Garda Asalto e Garda Civil, mantivéronse fieis á república, ao que se engadiu a fundamental e forte resistencia popular de milicianos das organizacións políticas e sindicais. Tras fracasar o intento de negociación cos sublevados, o goberno da República dirixido por José Giral dera a orde de repartir armas aos militantes das organizacións obreiras.

A raíz do conflito xurdiron dous bandos: o bando nacional ou dos sublevados, formado por oficiais intermedios do exército de Terra, a Garda Civil, as masas católicas e conservadoras e os pequenos e medianos terratenentes e que contaba co apoio total da Igrexa; e o bando a favor da República, coñecidos como os vermellos polas forzas sublevadas, que estaban constituídos por xenerais do exército de Terra, a Armada e a mariñeiría, a Aviación, a Garda de Asalto, os partidos de esquerda, o proletariado e a pequena burguesía.





Rapidamente o conflito orixinou implicacións internacionais, debido ás tensións políticas existentes nese momento en toda Europa. O auxe do fascismo en Italia e Alemaña provocara unha grande preocupación en países coma Gran Bretaña e Francia. Estes últimos tentaron non conferir un carácter internacional ao conflito acordando coas potencias fascistas un *Comité de Non Intervención*.

Italia e Alemaña, cos que simpatizaban ideolóxicamente os sublevados, non cumpriron o establecido e proporcionaronlles axuda económica, material bélico e voluntarios. A Italia de Mussolini estaba moi interesada en contar con España, para impoñer o seu soño imperial de dominio no Mediterráneo e no norte de África, e enviou un numeroso corpo de voluntarios, coñecido como os *Camisas Negras* italianos. As forzas sublevadas tamén contaron co apoio de Portugal, que enviou aos denominados *Viriatos* (10.000 voluntarios). Alemaña xogou un papel fundamental xa que, grazas á súa axuda, os militares puideron atravesar o Estreito de Xibraltar, protexido pola Armada, afín á República. O réxime nazi, interesado en privar a Francia dun aliado no flanco sur e facer da guerra española un campo de probas para o seu material militar e as novas tácticas de guerra, enviou aos nacionais unidades de carros de combate, forzas de defensa aérea e aviación organizadas na chamada *Lexión Cóndor*.

Por outro lado, a República case non tivo apoios, excepto a Unión Soviética e, en menor medida, México. A URSS, dirixida por Stalin, mostrouse prudente inicialmente pero, coa intervención de Hitler e Mussolini, decidiu colaborar co goberno da República e enviar asesores militares e armas. Ademais, acudiron a participar na Guerra Civil as *Brigadas Internacionais*, partidas de voluntarios procedentes de diversos países, estimulados pola Internacional Comunista ou Komintern, en defensa da causa republicana fronte a ameaza internacional do fascismo.

